

# O CAMP NOU NOS ESPERA

## CONTIDO:

Resumo de actividades

Viaxe a Barcelona

Recuncho de Patarego

## Resumo das ultimas actividades:

Como ben sabedes, nas pasadas datas a peña celebrou tres actividades máis. Por orde no tempo foron, a Churrascada do 50 aniversario de Patarego, onde nos xuntamos uns 25 socios e acompañantes para compartir con el este día tan especial. Esperamos que cumpla moitos máis.

Ó día seguinte, o 24 de xaneiro, varios socios da peña participaron na “carreira popular de Reis de Barreiros”. Brais, Aleix e Xabi subiron ó podium nas suas respectivas categorías, mentres que Martí, Lluís e Suso fixeron un bo papel pese a competir con atletas de gran nivel. Tamén destacar a Xoel que participou como compoñente do Clube de atletismo Ribadeo.

Finalmente este pasado día 30 uns 15 socios desprazámanos a Xixón para animar ó Barça no estadio do Molinón. O día foi moi chuvioso, pero non impediu facer as oportunas visitas turísticas e gastronómicas pola cidade asturiana. Finalmente unha victoria, cunha gran primeira parte do Barça e unha 2ª na que

Se relaxou un pouco como consecuencia do frío e da choiva.

Este ano levamos 3 desprazamentos, con 2 victorias e un empate.



## Viaxe a Barcelona:

Como prato forte desta tempada, temos a viaxe a Barcelona, para ver dende o mismísimo Camp Nou ó Barça das 6 copas, o mellor equipo do mundo, no mellor estadio do mundo.

Esta viaxe será en Semana Santa, pero debido a que o desprazamento se fará en avión, será necesario apuntarse con bastante antelación, debido á dificultade para comprar

billetes a un prezo razoable.

A saída será o día 2 ou 3 de abril (venres ou sábado), dependerá da disponibilidad e prezos dos billetes. A volta será o luns día 5. Vémonos na obriga de coller este día pois como é habitual, non se saberá o día do partido ata unha semana antes, polo que non se pode esperar a esos días para organizar esta viaxe (Se o partido é un domingo, non temos avión ese día para volver). Estamos abertos a calquer pregunta e suxerencia.

O prazo para apuntarse remata o 15 de febreiro. Fora deste prazo a peña poderá conseguir entradas e hotel, pero os billetes de avión terá que conseguilos directamente o interesado. Así mesmo ofrécese a posibilidade de encargar só a entrada, avión e hotel ...

O prezo a pagar no momento de apuntarse son 250,00 € para socios, o que inclúe viaxe, hotel e entrada ó partido. Os non socios - acompañantes deberán pagar o custo total (estimado en 350,00), mentres que os non socios - non acompañantes 390,00 €.

Neste caso ó apuntarse será necesario ingresar as cantidades indicadas e facilitarnos o número

de DNI, xa que é obrigatorio ó reserva-lo billete de avión.

Comentar que os billetes de avión dende que están contratados son intransferibles e non se poden cambiar, polo que non se devolverán os cartos en caso de que non se poida viaxar.

Avisar tamén ós que viaxen, que o exceso de equipaxe será por conta do interesado e que resulta máis cómodo levar unha pequena maleta ou mochila e levala na man sen ter que facturala.

Bueno, só nos queda animar a todos a participar nesta viaxe, lembrar que o prazo para apuntarse remata o día 15 de febreiro e que neste caso, non se apuntará a ninguén que pague no momento de apuntarse.

Calquer consulta non dudedes en contactar.

Nin que decir ten que se farán as oportunas visitas polas instalacións do Barça, así como pola cidade Condal.

